



# PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NA AUTOMOCIÓN

## MEDIDAS PREVIAS AO COMEZO DA ACTIVIDADE



**PERSOAS SENSIBLES**  
O **servizo de prevención de riscos laborais** deberá **identificar e valorar** as medidas para o persoal especialmente sensible.



**FEBRE**  
**Non ir traballar con febre (> 37°)** ou síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha **persoa infectada**.



**INFORMACIÓN**  
**Difundir as recomendacións** da autoridade sanitaria ante o coronavirus.



**DESPRAZAMENTO**  
**Mellor individual**, se non só unha persoa por fila. No transporte **colectivo** ou compartido **precísase o uso de máscara**.

## DISTANCIA DE SEGURIDADE



**DISTANCIA**  
**Manter 2 metros de seguridade** e evitar as actividades grupais.



**ESPAZOS REDUCIDOS**  
**Evitar coincidir en espazos pequenos** como vestiarios, comedores e zonas de aseos.



**CONTROL DE ACCESO**  
**Reorganizar os accesos** aos vestiarios e aos postos de maneira **unidireccional**. Fixar horarios e zonas para provedores e clientes.

## HIXIENE E LIMPEZA



**LAVADO DE MANS**  
**Facilitar o lavado frecuente das mans** ou o uso de solucións hidroalcohólicas. Lavalas logo de quitar as luvas de seguridade.



**MATERIAL DE LIMPEZA**  
**Reforzar** a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Dispoñer de contedores con tapa e pedal.



**VÍAS RESPIRATORIAS**  
Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado.



**OLLOS, NARIZ E BOCA**  
**Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.



**LIMPEZA DE ESPAZOS**  
**Limpar e desinfectar as superficies e útiles de traballo** tras cada quenda e cando se producen cambios entre o persoal.



**VENTILACIÓN NA NAVE**  
Ventilar con **máis frecuencia** e reforzar o **mantemento** dos sistemas de ventilación.



**MÁSCARAS**  
O uso de **máscaras** é necesario **no transporte público ou compartido**, cando a distancia de seguridade sexa menor a 2 metros, ou cando así o valore o servizo de prevención.



**FERRAMENTAS/VEHÍCULOS**  
As ferramentas, equipos de traballo e os vehículos deberán **hixienizarse tras cada uso**.



**COMIDA**  
**Evitar compartir** comida, bebida, ferramentas e outros obxectos.

## MEDIDAS ORGANIZATIVAS



**DIFUNDIR RECOMENDACIÓNS**  
**Comunicar as medidas preventivas** adoptadas a outras empresas e autónomos.



**ESTABLECER QUENDAS**  
Limitar o **aforo máximo** de traballadores nos talleres, se non **establecer quendas**.



**LIMITAR AS TAREFAS QUE IMPLIQUEN CONTACTO** entre o persoal concorrente.



**PREVENCIÓN DO ESTRÉS**  
**Dar pautas** de actuación ante posibles situacións de **estrés laboral**.

## INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña  
981 182 329  
issga.coruna@xunta.gal

Lugo  
982 294 300  
issga.lugo@xunta.gal

Ourense  
988 386 395  
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra  
886 218 101  
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago  
881 999 332  
issga@xunta.gal